

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomea o tribunal cualificador no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado mediante a Resolución do 21 de maio de 2019.*

Mediante a Resolución do 21 de maio de 2019 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 103, do 3 de xuño), convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria.

Mediante a Resolución do 16 de setembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 183, do 26 de setembro) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición, único para a categoría, será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e que se publicará para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa dita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado mediante a Resolución do 21 de maio de 2019.

A lista coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).



Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes que xulgarán o proceso selectivo para o acceso á categoría de médico/a de familia de atención primaria e que se relacionan no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

#### ANEXO

Médico/a de familia de atención primaria			
Presidente/a titular	Yusty Campo, María	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Secretario/a titular	Montero Furelos, M <sup>a</sup> José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Fernández Álvarez, Roberto	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Vogal titular	Romero Pérez, Elena	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Vogal titular	López Fernández, Joaquín	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Presidente/a suplente	Rodiles Ríos, Carlos Javier	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria



Secretario/a suplente	López López, Manuel José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Díaz Martínez, M <sup>a</sup> Amparo	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Vogal suplente	Cid Sueiro, Marina	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria
Vogal suplente	Rodríguez Campos, José	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico/a de familia de atención primaria

